



Transmisores da lingua e dos afectos

**Propostas para o Día Internacional da Lingua Materna
2010**



1 Educa no respecto a todas as linguas

Amosa respecto e interese por todos os idiomas e persoas para, así, trasladarlles aos teus fillos unha actitude positiva cara á diversidade lingüística e cultural da humanidade.



2 Transmite o valor da diversidade

Explícalles aos teus fillos que a variedade das linguas do mundo é unha riqueza, porque as linguas transmiten maneiras diferentes de achegarse á realidade e de apreixala. Por iso hai que coidar que esa diversidade se manteña.



3 Cultiva as linguas con menos falantes

Non fagas só de transmisor e difusor das linguas máis faladas. Iso só contribuirá a acentuar o desequilibrio lingüístico. Cultivando outras linguas con menos falantes, atoparás oportunidades coas que non contabas.



4 Fomenta a aprendizaxe de linguas

Anima os teus fillos a adquirir outras linguas, non os limites a unha soa. Sobre todo, non teñas nunca medo de que aprendan. Cantas máis linguas se coñezan, máis doadamente se dominarán outras.



5 Perde o medo a equivocarte

As linguas apréndense aos poucos e, para chegar a falalas ben, antes hai que falalas regular. Sé tolerante cos teus erros cando te achegues a un novo idioma e cos dos demais cando eles estean aprendendo a falar o teu. Failles ver aos teus fillos que, ben xestionado, o erro é un poderoso aliado para a aprendizaxe.



6 Déixalles aos teus fillos unha herdanza valiosa

A lingua da casa é a que primeiro adquiren os teus fillos. Seguir transmitindo o galego na familia é unha forma de continuar unha cadea construída desde os afectos.



7 Acolle as outras linguas que te rodean

Ademais da túa lingua habitual, en Galicia fálanse outras. Aínda que na casa empreguedes o castelán, podedes incorporar o galego aos xogos e cantos primeiros cos vosos fillos e ilo introducindo, así, de maneira progresiva.



8 Non lle peches a ninguén as portas da túa lingua

Non fagas menos de quen optou por pasar a falar galego. Valora a súa actitude e ánimo a seguir adiante.

Tampouco deixes de falarlle en galego a quen en galego te entenda, aínda que el estea usando outro idioma. Se a comunicación funciona, non é unha descortesía.




9 Practica o ecoturismo lingüístico

Cando ti e a túa familia vos movades polo mundo, aproveitade para escoitar e probade a falar algo nas linguas dos lugares que visitades. Se ides a Gales, lembrade que alí non se fala só inglés; se ides a Cataluña, tede ben presente que existe o catalán.



10 Fala tamén para os que están preto

Falar unha lingua de moitos falantes non é garantía de ser escoitado. En cambio, falar coma os que temos máis preto axúdanos a empatizar con eles. O galego tece lazos entre nós e achéganos a outras comunidades lingüísticas irmás.



Celebra a túa lingua o ano enteiro

Día Internacional da Lingua Materna 2010



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

*Coa colaboración dos nenos e nenas
da Escola Infantil Raiola*